



CONCURSO DE CREACIÓN DE ÁRBORES DE NADAL

O Concello de Vimianzo convoca un **CONCURSO DE CREACIÓN DE ÁRBORES DE NADAL** que se rexerá polas seguintes **BASES**:

1. Poderán participar neste concurso todas as persoas que o desexen, de xeito individual ou en grupo.
2. As árbores que se presenten deberán ser de creación propia, podendo empregar calquera material para a elaboración das mesmas. Non se aceptarán árbores naturais nin artificiais.
3. A árbore terá unha dimensión mínima de 50 cm de altura. Non existe dimensión máxima.
4. A árbore deberá ter unha base que permita manterse en pé por si soa.
5. As árbores deben presentarse na Casa da Cultura xunto cun sobre pechado no que conste o nome do autor ou autora.
6. O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación destas bases ata o 20 de decembro, ás 20 horas.
7. Todas as árbores presentadas ao Concurso estarán expostas na Sala de Exposicións Antón Mouzo desde o 23 de decembro ata o 7 de xaneiro. Unha vez rematado este período de exposición os/as autores/as poderán recollelas.
8. O xurado, en número impar, será designado pola Alcaldía e o seu fallo será inapelable.
9. O xurado valorará a creatividade, orixinalidade, a estética e a dificultade na elaboración da árbore.
10. O xurado deberá outorgar 3 premios: 1º, 2º e 3º entre as árbores presentadas.
11. Os premios consistirán en vales de compra no comercio local valorados en 150€, 100€ e 50€.
12. O fallo do xurado darase a coñecer o 23 de decembro e a entrega de premios terá lugar ese mesmo día nun acto público no Auditorio da Casa da Cultura.
13. O público poderá escoller a “Árbore máis popular no facebook” que recibirá un diploma acreditativo. Crearase un álbum no perfil de facebook municipal, sen que conste o nome do/a autor/a, e o público poderá votar na foto que máis lle guste. A foto que máis “gústame” acade será a gañadora. As fotos subiranse á rede o xoves 21 de decembro e o prazo para votar rematará o sábado 23 ás 15 horas.
14. Calquera asunto non recollido nestas bases será resolto polo xurado, sen que en contra da súa decisión se poida interpoñer ningún tipo de recurso.
15. A participación no Concurso supón a aceptación das presentes bases.

Vimianzo, 29 de novembro de 2017